

AUT / F2

DOCUMENTO DE CESION DE USO DE ESPAZOS

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (no sucesivo CSMV) representado para este acto polo seu Vicedirector, de acordo coa normativa de funcionamento interno aprobada polos órganos competentes do mesmo, e en atención á petición realizada por:

Petitionari@ (persoa física ou xurídica) _____	
DNI ou CIF _____	
Teléfono _____	e-mail _____
Obxecto da petición _____	

Cede o uso do seguinte espazo os días e horas que se indican:

<input type="checkbox"/> Auditorio: _____
<input type="checkbox"/> Sala de orquesta: _____
<input type="checkbox"/> Aula/s (número ____): _____

O CSMV autoriza o uso do seguinte material accesorio:

<input type="checkbox"/> Cadeiras (número) _____	<input type="checkbox"/> Atriles (nº) _____	<input type="checkbox"/> Mesas relatores (nº) _____
<input type="checkbox"/> Micrófono de Atril-Orador	<input type="checkbox"/> Micrófono inalámbrico	<input type="checkbox"/> Altosfalantes autoamplificados (2)
<input type="checkbox"/> Canóns de luces e mesa de luces.	<input type="checkbox"/> Proxector con pantalla	
<input type="checkbox"/> Piano de concerto.	<input type="checkbox"/> Outro instrumental (detallar): _____	

A cesión conlevará o pagamento das seguintes taxas e gastos calculados en razón dos usos solicitados:

- 1- Taxa pola cesión: _____ euros (+ IVE, no seu caso)
- 2- Taxa/s polo uso de material accesorio _____ euros (+ IVE, no seu caso)

Outros gastos a satisfacer polo cesionario:

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Servizo de Sala (inclúe técnico de son e proxección) | <input type="checkbox"/> Técnico de iluminación |
| <input type="checkbox"/> Apertura fora do horario de apertura do centro | <input type="checkbox"/> Limpeza e desinfección |
| <input type="checkbox"/> Outros (especificar) _____ | |

(segue no reverso)

O cesionario obriga-se a respectar as seguintes CLAUSULAS

- 1- Manter os espazos e materiais cedidos no mesmo estado en que se reciben: integridade dos obxectos e instrumental, etc. No caso de que se desexen utilizar efectos con fume artificial, debe advertirse previamente para adaptar os sensores anti-incendios da sala. Prohibese expresamente pegar ou fixar publicidade nas paredes do escenario do Auditorio. O ocupante debe comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, realizando as observacións necesarias.
- 2- A capacidade do auditorio é de 288 espectadores en butaca. En ningún caso, se admite público de pé nos corredores, escaleiras e accesos á platea. As persoas en cadeiras de rodas acomodaranse no espazo habilitado a tal fin na platea. Esta prohibida a colocación de elementos que poidan obstaculizar as saídas de emerxencia. No caso de que accedan ao centro grupos de menores de idade deberán ser acompañados por unha persoa na ratio establecida na normativa vixente. O ocupante acepta non exceder, en ningún caso, a capacidade dos espazos cedidos. O incumprimento desta cláusula fará que se suspenda o concerto/acto.
- 3- Respectar as condicións da cesión en relación cos espazos e materiais autorizados para o uso, así como co período de tempo determinado para a cesión. Compréndese na cesión o uso dos servizos hixiénicos (aseos) sitos no edificio no que se ubica a dependencia cedida así como das zonas de circulación comúns.
- 4- No caso de actividades nas que se aplique unha tarifa bonificada, na publicidade do acto, medios de difusión social, cartelería, programas de man, etc. o CSMV deberá figurar como "colaborador" mediante a inserción da correspondente chamada e logo, que pode ser descargado da páxina web do CSMV.
- 5- As taxas e gastos imputables aos cesionarios son os que figuran no *Regulamento de autorización de usos a terceiros (AUT) das instalacións do CSMVigo*. Unha táboa resumen figura na web oficial do CSMVigo. O prezo pola cesión establécese en € (IVE excluído) por xomada ou fracción.
- 6- O CSMV emitirá a factura correspondente ao pagamento da taxa, que fará chegar ao cesionario (correo postal ou electrónico, ou retirada na secretaría do CSMV). O pagamento da taxa realizárase mediante transferencia a favor do CSMV na conta: IBAN ES 12 2080 5075 1530 4003 1502, facendo constar como pagador o nome da persoa física ou xurídica cesionaria, e no concepto "Taxa por actividade... (nome da actividade realizada)".
- 7- O cesionario aboará directamente á empresa ou persoa/s prestadoras dos servizos, os gastos por servizos externos: apertura fora do horario de apertura do centro, técnicos especialistas, limpeza, etc. no caso de habelos. No caso de que por causas imprevistas sobrevidas houberse necesidade de ampliar os tempos de cesión e polo tanto, os servizos a maiores contratados, o cesionario obriga-se a asumir os sobrecustes que correspondan, calculados cos mesmos parámetros que os custes pactados.
- 8- O ocupante e, en xeral, o organizador é o único responsable dos actos que se realizan e recoñece expresamente que non ten ningún tipo de relación de dependencia co CSMV, que non dirixe a actividade a realizar, nin a fía, nin a presta indirectamente, só se limita a ceder o uso das instalacións. Polo tanto, ningunha responsabilidade pode ser imputada, directamente ou subsidiariamente, ó CSMV polos danos que, por acción ou omisión, puidesen causar persoas ou bens.
- 9- O ocupante cumprirá as leis e regulacións laborais e gobernamentais vixentes, e tamén se compromete a satisfacer todos os dereitos, impostos e cargos derivados do uso dos espazos do CSMV (Sociedade Xeral de Autores, IAE, etc.). **Os organizadores ou responsables da actividade comprométense ao pagamento dos dereitos de autor que correspondan e a enviar ao CSM de Vigo, coa oportuna autorización da SGAE (ou sociedades análogas) para a venda de entradas.**
- 10- Dado que o CSMV unicamente cede o uso de espazo a materiais, declina toda responsabilidade civil ou penal que se poida derivar de actuacións das persoas participantes na actividade. En consecuencia, **o cesionario asume toda a responsabilidade da actividade organizada (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, gastos derivados do incorrecto uso das dependencias...)** e **declara expresamente contar con todos os seguros e requisitos de cobertura de responsabilidade civil necesarios, tanto en relación co persoal e materiais empregados na actividade, como coas persoas que asistan ao acto, no seu caso, así como ser o único responsable dos actos a realizar.**
- 11- **O ocupante acepta obter todas os permisos, autorizacións necesarias, efectuar os pagamentos derivados da realización das actividades e entregar ao CSMV a documentación correspondente.**
- 12- O ocupante é responsable de calquera reclamación que poidan presentar persoas físicas e/ou xurídicas en relación coa cesión de espazos que se asina neste documento.
- 13- O ocupante é o responsable do correcto uso dos espazos cedidos polo CSMV así como da salvagarda das súas instalacións e equipos, e responderá diante o CSM de Vigo polos danos e/ou desperfectos que se produzan durante o período de cesión e por mor dela, ben sexan fortuitos ou provocados.
- 14- O CSM de Vigo non se fai responsable dos efectos materiais que o ocupante deposita na instalación. A entidade non asume, en ningún caso, a condición de depositario.
- 15- O ocupante non poderá rexistrar os espectáculos/actos nin transmitilos por calquera medio audiovisual sen a autorización por escrito do CSMV.
- 16- O ocupante autorizado queda suxeito a que o CSMV requira o uso dos espazos cedidos por motivo de acto sobrevido e, neste caso, o CSMV resérvase o dereito de anular a cesión e de trasladar o acto a outra data. Corresponderá ao autorizado determinar a celebración ou non do acto.
- 17- Outras especificacións non contempladas nestas cláusulas, recolleranse en ANEXO de ser o caso, que se achegará a esta autorización, igualmente asinado polas partes.

En proba de conformidade o asinan, en Vigo, a _____ de _____ de 20____

Polo CSMV

Polo cesionario

Ignacio Fernández Rodríguez.
Vicedirector

(persoa física ou representante)